

Desafíos e retos da política de Rafael Correa en Ecuador

Esther Castro Cidre

Antecedentes do goberno de Rafael Correa e a rebelión dos “fuxidos” como fito

Desde o ano 1996, a República do Ecuador sufriu continuas crises institucionais. O último presidente en rematar o seu mandato entre os anos 1992-1996, foi o conservador Sixto Durán Ballén e a partir do seu goberno ata as pasadas eleccións de 2006 estiveron no poder do país unha cantidade abafadora de diferentes presidentes. Destaca, entre este percorrido presidencial, a caída do goberno de Lucio Gutiérrez promovida polas protestas e mobilizacións da cidadanía ecuatoriana.

Após o goberno de Sixto Durán Ballén chegou ao poder Abdalá Bucaram, quen foi destituído o 6 de febreiro de 1997 polo propio Congreso tras declaralo “incapaz mentalmente”, tan só seis meses despois de asumir o poder. A súa vicepresidenta, Rosalía Arteaga, baseada no dereito constitucional de sucesión, reclamou para si o cargo, pero permaneceu poucas horas como xefa de Estado.

A mesma foi substituída na presidencia, tras unha manobra de dubidosa legalidade, polo titular do Congreso daquela altura, Fabián Alarcón, quen chegou ao poder o 11 de febreiro de 1997 e mantívose ata o 10 de agosto de 1998 entregando o cargo a Jamil Mahuad.

Aínda que foi elixido para un período de catro anos, Jamil Mahuad gobernou Ecuador ata o 22 de xaneiro de 2000, cando foi derrocado por un levantamento indíxena apoiado por coroneis rebeldes, entre eles Lucio Gutiérrez, a causa do descontento ligado á depreciación da moeda nacional, o Sucre ecuatoriano, e pola decisión de dolarizar a economía, tras unha crise financeira sen precedentes na historia do país por mor da quebra e peche dalgunhas das principais institucións bancarias deixando miles de depositantes cos seus aforros conxelados. Mahuad foi substituído polo seu vicepresidente, Gustavo Noboa, quen xurou a súa nova función e asinou o seu primeiro decreto no Ministerio de Defensa e non no Congreso. Gustavo Noboa, que gobernou o país entre o 22 de xaneiro de 2000 ata o 15 de xaneiro do 2003, deixou a presidencia a Lucio Gutiérrez.

En 2002, Lucio Gutiérrez, un dos coroneis que apoiou a toma do Congreso por parte dos indíxenas cando caeu Mahuad, pasou primeiro na segunda volta gañando ao candidato Álvaro Noboa, considerado o home máis rico do Ecuador. Gutiérrez gañou as eleccións grazas á súa alianza co movemento de unidade plurinacional Pachakutik e porque representaba simbolicamente a unidade indíxena-militar que se deu en xaneiro de 2000. Gutiérrez mantivo durante

a súa campaña un discurso próximo á esquerda e presentouse como unha alternativa á política tradicional.

No mes de novembro de 2004, a oposición política no Congreso descualificou Lucio Gutiérrez como presidente, véndose así obrigado a buscar alianzas. Após o seu pacto co Partido Roldosista Ecuatoriano (PRE) e o Partido Renovador Institucional de Acción Nacional (PRIAN), cuxos líderes son respectivamente o ex presidente Abdalá Bucaram e o ex candidato presidencial, Álvaro Noboa, o Goberno constituíu unha maioría e destituíu de xeito inconstitucional a Corte Suprema e os tribunais Constitucional e Supremo Electoral, desatando un intenso conflito por parte dos partidos políticos e movementos sociais opostos á ilegalidade destes actos. Conflito que se trasladou ás rúas e foi retomado por unha inédita protesta espontánea de diversos sectores da cidadanía.

É así como xurdiu un movemento espontáneo, sen liderado algún, que esixiu a saída de todos os poderes políticos do Estado. O réxime, perante esta situación, asinou un decreto o 15 de abril do ano 2005 declarando un Estado de Urxencia polo que se afirmou a perda dos dereitos cidadáns.

Este decreto provocou un maior alzamento da protesta cidadá, que non respectou o Estado de Urxencia e acabou diariamente manifestándose dunha forma multitudinaria e pacífica na capital do país, Quito. É a partir de aquí cando se reúne o Congreso o 17 de abril, e destitúe a Corte Suprema de Xustiza, nomeada polo Goberno. A protesta non se detivo, e nun segundo momento, o 20 de abril de 2005, destitúese o presidente Gutiérrez, ante a imposibilidade de deter o movemento cidadán⁽¹⁾. Este movemento foi bautizado, polo propio Gutiérrez, como o dos “fuxidos”⁽²⁾.

Coa caída de Lucio Gutiérrez, chegou ao poder o vicepresidente, Alfredo Palacio. O seu goberno foi entendido como un goberno de transición, non só respecto de canto tempo debe durar ata as seguintes eleccións, senón tamén en canto a trazar o camiño para a reformulación da democracia ecuatoriana.

Con Alfredo Palacio púxose fin a este percorrido presidencial que marcou os últimos 10 anos da historia política do Ecuador, desde o ano 1996 co último presidente que completou o seu mandato, Sixto Durán Ballén, ata o 15 de outubro de 2006 que é a data das últimas eleccións presidenciais do país. Nestas eleccións, os cidadáns ecuatorianos confiaron máis no economista Rafael Correa que no magnate bananeiro Álvaro Noboa, por terceira vez candidato presidencial.

Con estes antecedentes, o principal desafío do actual Goberno de Rafael Correa é conseguir un cambio profundo no ordenamento do Estado ecuatoriano e no seu sistema económico.

(1) BURBANO, Felipe: *La caída de Gutiérrez y la rebelión de abril*, Iconos, 2005, pp19-26.

(2) Tralos débiles pronunciamentos evidenciados ás portas da casa do presidente Lucio Gutiérrez. El mesmo dixo en público: “só son catro foraxidos”, e é a partir de alí cando todos os cidadáns que saíron ás rúas da capital de Ecuador a protestar comezaron a chamarse a si mesmos “foraxidos”.

As eleccións de 2006 e a chegada ao poder de Rafael Correa

O proceso electoral de 2006 no Ecuador reabriu a preocupación de partidos políticos, movementos sociais e intelectuais e a cidadanía en xeral sobre o futuro do país. Presentáronse 13 candidatos, en representación de todo un espectro político imaxinábel.

Pero após a primeira volta electoral, celebrada o 15 de outubro de 2006, finalmente dúas opcións atopáronse fronte a fronte: o multimillonario magnate bananeiro, Álvaro Noboa, despois do seu terceiro intento á candidatura e contra todo prognóstico, ocupou o primeiro posto con 26,64% dos sufraxios, distancia de algo máis de tres puntos sobre o economista de tendencia nacionalista Rafael Correa, cun total de 22,80% dos votos.

Esta primeira volta, ademais, trouxo consigo outras novidades: o candidato León Roldós (irmán do primeiro presidente do Ecuador na etapa democrática, Jaime Roldós, quen morreu nun accidente aéreo a pouco de iniciar o seu goberno) do movemento Rede Ética e Democracia (RED) e apoiado polo partido socialdemócrata Esquerda Democrática (IDE) foi relegado a un cuarto lugar cando as enquisas o situaban entre os favoritos; mentres que Gilmar Gutiérrez (irmán do ex presidente Lucio Gutiérrez) situouse en terceiro lugar, e a candidata socialcristiá Cynthia Viteri situouse no quinto posto. Os candidatos de esquerda, como o líder da Confederación de Nacionalidades Indíxenas do Ecuador (CONAIE), Luís Macas, e o ex deputado do Movemento Popular Democrático Luís Villacís obtiveron unha votación reducida.

Ante estes resultados, certas organizacións sociais xulgaron o sistema con moi pouca lexitimidade. Entre as súas razóns expuxeron primeiramente que non se evitou de ningún xeito que, durante a primeira volta, o candidato Álvaro Noboa comprase votos con diñeiro en efectivo, entrega de alimentos e outros agasallos á cidadanía. Tampouco que se excedese longamente nos límites de gastos de propaganda permitidos pola lei. Ademais, o Sistema Informático de Contaxe Rápida, a cargo da empresa brasileira E-Vote colapsou. A Misión de Observadores da OEA non alertou sobre estes feitos e o seu xefe, Rafael Bielsa, foi duramente criticado, e retirado 24 horas antes da rolda final. Na segunda volta, o Tribunal Supremo Electoral (TSE) foi presionado a tomar novas medidas para garantir a transparencia do proceso. A esquerda puxo persoeiros no 90% das mesas, evitando alteracións dos votos e reforzou o seu equipo informático vixiando a transmisión de datos⁽³⁾.

Finalmente celebrouse o 26 de novembro do 2006 a segunda volta destas eleccións situando na presidencia do Ecuador a Rafael Vicente Correa Delgado, quen obtivo o 56,67% dos votos, mentres que Álvaro Noboa obtivo un total de 43,33%.

Ao longo destas eleccións, sectores da Igrexa, empresarios e partidos de dereita (especialmente a dereita en Guayaquil) artículanse arredor da candidatura de Noboa, mentres que os poderes de centro e da esquerda únense arredor de Correa,

(3) Agencia Latinoamericana de Información (ALAD), <http://www.alainet.org/>.

cuxa principal oferta de campaña foi a instalación da Asemblea Constituínte e a elaboración dunha nova Constitución que altere o equilibrio actual de poder. Polo tanto, el representaba a posibilidade de cambio e de rexeitamento a quen estiveron no poder durante o último período democrático.

Táboa 1
Resultados Eleccións 2006

Candidato Partido	1ª volta		2ª volta	
	Votos	%	Votos	%
Álvaro Noboa Partido Renovador Institucional de Acción Nacional	1.337.688	26,64	2.689.418	43,33
Rafael Correa Alianza País	1.184.097	22,89	3.517.635	56,67
Gilmar Gutiérrez Partido Sociedad Patriótica 21 de Enero	909.888	17,59		
León Roldós Aguilera Izquierda Democrática	771.256	14,91		
Cynthia Viteri Partido Social Cristiano	497.791	9,62		
Luis Macas Pachakutik	112.495	2,18		
Fernando Rosero Partido Roldosista Ecuatoriano	103.826	2,01		
Marco Proaño Maya Movimiento de Reinvidicación Democrática	74.694	1,44		
Luis Villacís Movimiento Popular Democrático	67.090	1,30		
Jaime Damerval Martínez Concentración de Fuerzas Populares	24.127	0,47		
Marcelo Larrea Cabrera ATR	20.509	0,43		
Lenin Torres Movimiento Revolucionario de Participación Popular	13.330	0,28		
Carlos Francisco Sagnay de la Bastida INA	11.554	0,24		

 Fonte: <http://www.tse.gov.ec/>.

Como resultado do triunfo, Rafael Correa xurou o 15 de xaneiro de 2007 o seu cargo como presidente de Ecuador na sede do Congreso para un período de catro anos. O presidente do Lexislativo, Jorge Cevallos, tomou o xuramento a Correa, en presenza do xefe de Estado saínte, Alfredo Palacio, quen cinguiu a banda presidencial ao seu sucesor. No caso de rematar estes catro anos, Correa sería o primeiro presidente desde o ano 1996 que culminase o seu mandato presidencial no Ecuador.

A proposta de Álvaro Noboa

Esta é a terceira ocasión en que Noboa entrou na segunda volta electoral. En 1998 e en 2002, situouse no segundo lugar, perdendo fronte a Jamil Mahuad e Lucio Gutiérrez, respectivamente. Álvaro Noboa Pontón, representante do Partido Renovador

Institucional Acción Nacional (PRIAN) ten 55 anos de idade e é dono de plantacións de banana (o seu pai impulsou o negocio da banana do país), compañías exportadoras, bancos, empresas, entre as que están a Exportadora Bananera Noboa, a maior exportadora da froita no país e unha das máis grandes do mundo, LAN Ecuador, Industrial Molinera, Muñíos Poulitier, Frutera Jambelí e o Banco do Litoral. Polo tanto, Noboa é o home máis rico do país, o herdeiro da maior fortuna nacional.

Como vicepresidente do PRIAN foi nomeado Vicente Taiano quen desde fai 12 anos foi asesor legal da Corporación Noboa. De aí xorde a súa vinculación política con Álvaro Noboa. Nos anos 1980 pertenceu ás filas da Esquerda Democrática (IDE), pero deixou esa tendencia política coa idea de formar un novo partido, o PRIAN. El foi un dos seus fundadores, no ano 2000.

A proposta de Noboa sustentouse en formulacións tales como: privatización do petróleo e da seguridade social; completa flexibilización laboral; ruptura total co proteccionismo mediante o establecemento de zonas francas; ruptura das relacións con Cuba e Venezuela; intervención directa no conflito colombiano e cesión da Base de Manta ao Comando Sur despois do 2009⁽⁴⁾. Tamén publicitou durante a súa campaña a concreción dunha reforma tributaria que permita crear incentivos para o investimento nacional e estranxeiro, como a redución do imposto á renda, e converter Ecuador nun centro financeiro internacional.

Así, Noboa considerou o investimento estranxeiro fundamental para a execución dos grandes proxectos petroquímicos, a construción de refinarias, centrais hidroeléctricas, a exploración e explotación de gas e de petróleo. O candidato á presidencia Noboa Pontón sinalou durante a súa campaña, por súa vez, que estaba disposto a negociar un tratado de libre comercio con Washington, dar microcréditos a un millón de ecuatorianos e construír 300.000 vivendas anuais (comparativamente isto significaría facer 4 cidades de Quito, o cal é imposible de acordo ao dito publicamente por diferentes enxeñeiros e arquitectos do país)⁽⁵⁾. Dentro da súa campaña repartiu aos cidadáns computadoradoras, cadeiras de rodas, camisolas, diñeiro... E os elementos craves da propaganda “noboísta” foron o uso de ritos do catolicismo, tales como invocacións, rezos, “milagres”⁽⁶⁾.

A proposta de Rafael Correa

O actual presidente de Ecuador, Rafael Vicente Correa Delgado, en representación do novísimo movemento Partido Socialista Fronte Ampla / Alianza País conseguiu a vitoria nas pasadas eleccións xunto co vicepresidente Lenin

(4) A estratexia militar estadounidense cara América Latina e o Caribe contrólase desde o Comando Sur do Exército dos Estados Unidos de América, con base en Key West (Florida).

(5) Ecuador Kichwa Llaktakunapak Jatun Tantanakui (ECUARUNARI), boletín de prensa, 24 de outubro de 2006, <http://www.ecuarunari.org/>.

(6) Agencia Latinoamericana de Información (ALAI), <http://www.alainet.org/>.

Moreno Garcés. Correa é unha figura nova na política nacional, anteriormente non mantivo relación algunha con partidos políticos tradicionais e tampouco con movementos sociais do país, tan só era coñecido nos espazos da academia universitaria.

Rafael Correa, de 43 anos, é de orixe modesta: naceu nunha familia guaiaquilana de clase media, educouse en colexios católicos e pasou un ano nunha misión salesiana en Zumbahua, provincia de Cotopaxi. Graduouse en Economía na Universidade Católica de Guayaquil e recibiu unha bolsa para estudar unha Mestría en Economía na Universidade de Lovaina (Bélxica) e mediante un intercambio académico auspiciado pola Universidade San Francisco de Quito, estudou na Universidade de Illinois (Estados Unidos). Foi decano da Facultade de Economía da Universidade privada San Francisco de Quito. Logo da revolta cidadá de abril de 2005, que puxo fin ao goberno de Lucio Gutiérrez, foi designado polo presidente Alfredo Palacio como ministro de Economía e Finanzas, cargo no que durou apenas tres meses (con exactitude, 106 días) pero no que mantivo unha política de cuestionamento ao Banco Mundial e ao FMI e de priorización do gasto social.

Durante a segunda volta das pasadas eleccións de 2006, Rafael Correa foi apoiado por partidos e movementos de centro e esquerda, entre eles cabe destacar o Movemento Popular Democrático do Ecuador (MPD), Partido Socialista Fronte Ampla, a Esquerda Democrática, o Movemento Alternativa Democrática, o Movemento Novo País, o Movemento Poder Ciudadán, a Confederación de Nacionalidades Indíxenas do Ecuador (CONAIE), Movemento de Unidade Plurinacional Pachakutik-Novo País (MUPP-NP), ECUARUNARI, a Fundación Pobo Indio do Ecuador, a Confederación Nacional de Organizacións Campesíñas Indíxenas e Negras (FENOCIN), o Comité para a Anulación da Débeda do Terceiro Mundo (CADTM), a Coalición Nacional pola Abolición das Bases Militares Estranxeiras e a Federación Nacional de Traballadores Agroindustriais, Campesíños e Indíxenas Libres do Ecuador (FENACLE).

Para conseguir este apoio, Correa publicitou unha proposta baseada principalmente nos seguintes eixos:

Reforma Política

O seu discurso durante a campaña centrouse nunha reforma que transforme a democracia formal nunha democracia máis real. E é desde esta posición a través da que sustentou e continúa sustentando a súa crítica á “partidocracia” presentándose como oposta a esta.

A través desta reforma política explicou que realizará accións tales como: a descorporización e despartidización de organismos de control público, designando autoridades de control por concurso de merecementos. Tamén engadiu que levaría a cabo a constitución dunha Corte Electoral que garanta a xustiza electoral, ben como a reorganización do Congreso nun Parlamento de dúas cámaras organizadas por niveis de representación e competencias, unha Cámara Alta conformada por repre-

sentantes nacionais e rexionais e a Cámara Baixa, con representantes provinciais; ambas as dúas elixidas na segunda volta.

No caso de que o Congreso Nacional destitúa o presidente debe convocar simultaneamente eleccións, mentres que se o presidente da República dissolve o Congreso de igual xeito deberá chamar a eleccións xerais inmediatamente.

Correa tamén promoveu unha reforma integral e democrática do Estado, transformando o actual modelo de organización territorial e división político-administrativa, para que se reduzan as desigualdades territoriais, xerar condicións de competitividade territorial, mellorar as condicións ambientais, constituíndo así sete rexións autónomas nun concepto de unidade de provincias⁽⁷⁾.

Neste marco, finalmente cabe sinalar a reforma de máis importancia e que máis eco tivo: a convocatoria a unha consulta popular co fin de que os cidadáns decidan se desexan unha Asemblea Nacional Constituínte para redactar unha nova Carta Magna diferente á actual Constitución de 1998. Correa sinalou que a Asemblea Constituínte é unha proposta coa que se pretende lograr un novo ordenamento político, xurídico e económico para o país. A Asemblea foi o centro e o principal eixo programático da súa campaña electoral.

Reforma Económica

Entre as súas promesas electorais respecto diso, Rafael Correa ofreceu a configuración dun sistema de planificación, nacional, rexional, provincial, cantonal e local e tamén o dereito á propiedade incluíndo novas formas, tales como a familiar, a comunitaria e a asociativa.

Divulgou que levará a cabo a construción dunha sociedade de produtores e propietarios que supere o sistema actual de exclusión social e precisa que a propiedade pública sexa exclusiva de sectores estratéxicos como a auga, recursos petrolieros e mineiros. E apoiou un modelo de produción compatíbel coa protección do medio ambiente. Ademais confirmou na súa campaña que manterá a dolarización como moeda de curso legal actual no Ecuador⁽⁸⁾.

Os outros eixos importantes desta reforma e que máis repercusións tiveron son: a negociación á sinatura do Tratado de Libre Comercio (TLC) con EEUU, en defensa da produción nacional e as fontes de emprego; a renegociación da débeda externa a fin de atender os urxentes investimentos sociais en educación e saúde; e a reformulación da posición de Ecuador en relación aos organismos multilaterais, en especial o FMI, co aval da futura Asemblea Constituínte.

Propuxo, por súa vez, realizar unha nova Lei de Reforma Agraria na que os eixos destacados serían a redistribución da terra, a auga e a biodiversidade, reiterando que se priorizará a reactivación produtiva privilexiando aos pequenos produtores e garantindo a comercialización dos seus produtos.

(7) Alianza País: <http://www.alianzapais.com.ec/>.

(8) Alianza País: <http://www.alianzapais.com.ec/>.

A través da súa proposta, ofreceu tamén: reducir o Imposto ao Valor Agregado (IVA) do 12% ao 10%, que, segundo asegurou, suporá unha redución de 400 millóns de dólares que se compensarán cunha combinación de medidas que inclúe o cobro de aranceis e impostos á especulación financeira, e a eliminación da evasión tributaria.

Correa ademais prometeu que revisará os contratos coas transnacionais petrolíferas co obxectivo de obter un maior beneficio para o Estado ecuatoriano empezando por dar fin ao contrato coa multinacional Occidental Petroleum Corporation (OXY)⁽⁹⁾. Paralelamente, Correa pareceu decidido a estudar o reingreso do Ecuador na Organización de Países Exportadores de Petróleo (OPEP).

Para rematar, cabe mencionar neste ámbito que manifestou o seu propósito de reducir á metade o salario presidencial (actualmente de \$8.000) e que manterá unha firme loita contra a corrupción actual existente no país.

Reforma Social

O novo mandatario da República do Ecuador sinalou e promoveu, neste sentido, o afondamento do dereito ao traballo, eliminando o emprego precario, mantendo a igualdade entre salarios de homes e mulleres, ben como, reformando estruturalmente o sistema de terceirización laboral, en base á protección dos dereitos dos traballadores.

Neste cadro, co fin de reducir o desemprego existente en Ecuador, Correa comprometeuse tamén a constituír un fondo de 300 millóns de dólares para microcréditos masivos de \$5.000 a cinco anos de prazo e ao 5% de xuro anual.

Entre as súas propostas máis coñecidas neste ámbito destacaron, por súa vez, a súa oferta de dereito á educación gratuíta, laica e de calidade a todos os niveis e dereito á saúde gratuíta e de calidade. Así como, o dereito a unha vivenda digna mediante programas de mellora da vivenda de protección oficial ou interese social e aumento do bono da vivenda.

Sinalou que terá en conta a protección do medio ambiente, integridade do espazo público e o seu destino ao uso común de parques nacionais e áreas protexidas; así como, recoller o Convenio 169 da Organización Internacional de Traballo (OIT) os seus protocolos adicionais, e o Proxecto da Declaración Universal dos Dereitos dos Pobos Indíxenas⁽¹⁰⁾.

Para rematar, cabe sinalar que o seu programa ten o propósito de levar a cabo unha alza de salarios e remuneracións (bono de desenvolvemento humano, pensións de xubilación) e unha mudanza das tarifas dos servizos públicos mediante subsidio cruzado. Tamén prometeu pagar a débeda que o Estado ten co Instituto Ecuatoriano de Seguridade Social (IESS).

(9) Compañía petrolífera norteamericana occidental que violou e continúa a violar a Lei de Hidrocarburos e o contrato suscrito co Estado ecuatoriano.

(10) Alianza País: <http://www.alianzapais.com.ec/>.

Reforma Soberana

Correa anunciou os seguintes eixos prioritarios: Prohibición de concesións territoriais en beneficio de terceiros países e manexo soberano dos recursos naturais. A necesidade dunha política internacional que fortaleza os principios de non intervención e pleno respecto á soberanía doutros Estados, respectando a autodeterminación dos pobos. E a promoción da paz, a defensa do medio ambiente e superación da pobreza.

Neste sentido, sinalou por súa vez como prioridade o fortalecemento da integración sudamericana e latinoamericana, a través do fortalecemento da Unión de Nacións do Sur (UNASUR), a Comunidade Andina de Nacións (CAN) e a creación do Banco do Sur⁽¹¹⁾.

Por súa vez o actual presidente da República durante a súa campaña expresou a súa negativa a asinar a renovación do Convenio da Base de Manta, que foi asinado entre os gobernos de EEUU e Ecuador en 1999 e que fenece en 2009, anunciando que no seu lugar construíra un aeroporto internacional.

Para rematar cabe destacar a súa negativa a que Ecuador participe no Plan Colombia, o que leva a non aceptar máis fumigacións nos territorios indíxenas e campeños de Ecuador na fronteira norte con Colombia. Con relación ao conflito armado colombiano expresou que non involucrará o Ecuador no mesmo e que non declarará a guerrilla das Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia (FARC) como terroristas, pois en caso contrario o seu país deixaría de ser neutral.

Avances do goberno de Rafael Correa

Nos primeiros meses do inicio do novo período presidencial, a axenda do novo goberno do Ecuador empezou a delinarse, comezando pola retribución do mesmo presidente, diminuíndose de \$8.000 a \$4.250 mensuais.

O máis significativo durante o inicio do seu goberno, é que a República de Ecuador experimentou unha crise política baseada no feito de que o movemento político Alianza País, do presidente Correa, non presentou candidatura ningunha ao Congreso Nacional, obrigando a este a deixarse representar por outros partidos nese centro de poder. E, ante a obrigatoriedade de que o Congreso aprobe a convocatoria a consulta popular para a instalación dunha Asemblea Constituínte, non contar con deputados/as representaba un forte obstáculo para que Correa fixese realidade a súa principal oferta de campaña: a elaboración dunha nova Constitución para o país.

Con todo, e a pesar de todo iso, o Congreso, cunha escasa maioría de 57 votos sobre 100, deu o seu apoio á consulta popular, que Correa promoveu con grande empeño, co obxectivo de que a cidadanía ecuatoriana decidise se habería eleccións para a Asemblea Nacional Constituínte de plenos poderes, abríndose a posibi-

(11) Alianza País: <http://www.alianzapais.com.ec/>.

lidade de demandar o cesamento de funcións do Congreso, formado maioritariamente por partidos tradicionais.

Ante esta situación, o Congreso intenta destituír o presidente do Tribunal Supremo Electoral, sen aterse ás normas vixentes. O goberno de Correa aproveitou habilmente ese erro e atacou polo mesmo lado destituíndo 57 representantes deputados da oposición, igualmente de forma ilegal. Máis tarde durante unha reunión con funcionarios oficiais na Hostería San José, de Puenbo, varios deputados suplentes saíron escondidos debaixo de manteis para logo entraren ao Congreso con protección policial e asumiren a titularidade como deputados, co apoio do goberno.

O segundo Congreso, que se iniciou cos deputados alcumados “os manteis”, perdeu lexitimidade e, con todo, esta xogada política do goberno deu a volta radicalmente ao escenario político. O goberno tiña o Congreso e o Tribunal Supremo Electoral ao seu favor e Correa converteuse nun poderoso gobernante, porque ademais contaba con porcentaxes históricas de popularidade.

Así, o grande triunfo, ata o momento, do actual goberno de Rafael Correa, presidente que non contaba con partido político que o representase e sen soportes propios dentro das institucións, é a aprobación á consulta popular para a creación da Asemblea Nacional Constituínte.

Na consulta popular de abril 2007, un 80% da poboación dixo SI á instalación dunha Asemblea Constituínte. As eleccións para a Asemblea leváronse a termo o 30 de setembro de 2007, logrando Alianza País o 81,72% dos escanos; formándose cun total de 130 membros (80 dos cales formaban parte do partido de goberno, Alianza País). Nunca antes no recente período democrático alcanzara un goberno porcentaxes similares de aceptación entre os ecuatorianos.

A Asemblea instalouse o 30 de novembro de 2007 na cidade de Montecristi e remataron o seu labor o 24 de xullo de 2008, sendo aprobado o texto da nova Carta Magna (cun total de 444 artigos) por 94 membros da mesma. Desde que se instalou ata a data do referendo para a aprobación ou o rexeitamento da nova Constitución, grandes mobilizacións estiveronse realizando pola cidadanía nas rúas de todo o país propondo dúas ideas contrastadas: as que apoiaban o SI á Constitución e as que apoiaban rotundamente o NON.

O pronunciamento contra o proxecto Constitucional, levado a cabo por sectores da Igrexa católica, partidos de dereita e cámaras de empresarios e baseado principalmente en razoamentos tales como que abre a porta á legalización do aborto e das drogas e que recoñece a unión entre persoas do mesmo sexo, albiscou que a aprobación da mesma non sería tarefa fácil, ficando pendente a posibilidade de manter a Constitución vixente aprobada en 1998, que non contou co pronunciamento popular.

Aparte destas mobilizacións sociais, nos días finais da realización do texto da nova Carta Magna ocorreu que algúns dos seus avances foron cualificados polo mesmo Correa como “barbaridades”. É entón cando o Executivo incrementou a presión para rectificar o necesario, abrindo paso a que a oposición denunciase que moitos artigos foran modificados a última hora.

Após estas fortes controversias, o 28 de setembro de 2008 realizouse o referendo polo cal a cidadanía ecuatoriana foi convocada para aprobar ou rexeitar a nova Constitución. Foi neste momento cando a ratificación popular do proxecto constitucional reflexou o triunfo e vitoria da mesma, sendo os resultados de aproximadamente un 65% de votos en favor da Constitución de 2008. E foi con esta decisión que se abriu unha nova época chea de mudanzas para o país.

Ademais da formación da Asemblea Constituínte e da aprobación da nova Constitución de 2008, durante o seu goberno Correa logrou incrementar o investimento público no campo social, reflectido no aumento do Bono de Desenvolvemento Humano, de \$15 a \$30, e na duplicación do Bono da Vivenda, de \$1.800 a \$3.600.

Tamén abriu novas liñas de crédito para medianos e pequenos produtores tendo, ademais, regularizado o contrato por horas e combatido as terceirizadas. O presidente Correa buscou, por súa vez, a equidade de xénero dentro do seu gabinete, contando cun 40% de mulleres no poder Executivo.

Do mesmo xeito, declarou en situación de urxencia e investiu recursos económicos extraordinarios nos sectores da saúde, educación, estradas e sistemas penais. Paralelamente, delincou a política exterior do país inscribindo o Ecuador no conxunto de países sudamericanos que tomaron distancia con EEUU e que se achegaron ao eixo Brasilia-Caracas-Bos Aires, tendo tamén levado a cabo a integración rexional mediante iniciativas como a Unión de Nacións Sudamericanas (UNASUR)⁽¹²⁾, o Banco do Sur⁽¹³⁾ e o Consello de Defensa Sudamericano⁽¹⁴⁾. Neste sentido, durante o seu goberno, Correa tamén se concentrou no achegamento de Ecuador a Irán e a China co fin de abrir novos mercados.

Neste mesmo cadro, o pasado 25 de abril de 2007 o goberno presentou a iniciativa do “*Plano Ecuador: Plano de paz, seguranza e desenvolvemento*”. É un plano integral que aborda os temas relacionados co conflito colombiano, en clave de dereitos humanos, na fronteira norte do país, e serve como estratexia para contrabalancear o Plano Colombia do presidente Álvaro Uribe e loitar contra as fumigacións con glifosato na fronteira norte de Ecuador e Colombia.

Neste período, do mesmo modo, o goberno creou a Comisión da Débeda Externa para investigar indicios de ilegalidade e ilexitimidade na débeda externa do país e a Comisión da Verdade, que investiga os crimes de Estado contra os Dereitos Humanos, especialmente os denunciados durante a presidencia de León Febres Cordero (1984-1988).

(12) Comunidade política e económica que integra 12 países de Sudamérica. A súa Secretaría Xeral terá sede permanente na cidade de Quito, aínda que se localizará temporalmente en Brasilia. Michelle Bachelet foi elixida presidenta por un ano.

(13) Fondo monetario, banco de desenvolvemento e organización prestamista proposta polo presidente de Venezuela Hugo Chávez. Forman parte deste: Venezuela, Arxentina, Brasil, Bolivia, Ecuador, Paraguai e Uruguai. Preséntase como unha alternativa ao FMI, ao Banco Mundial e ao Banco Interamericano de Desenvolvemento.

(14) Proposta presentada polo presidente Lula da Silva o 4 de marzo de 2008, como un primeiro paso para consolidar a rexión como zona de paz e concederlle un maior peso internacional.

Finalmente, entre as accións realizadas ao longo do seu goberno cabe dicir que Correa manifestouse entusiasta e deu inicio ao Proxecto Multimodal Manta-Manaos⁽¹⁵⁾ e parece ser que comprometeu o apoio do presidente brasileiro Lula da Silva para financiar a construción das estradas, pontes e viadutos necesarios. Ben como tamén iniciou a construción da maior refinaría na provincia de Manabí⁽¹⁶⁾, que ofrece maiores postos de traballo e suporá unha importante redución de custos para o Estado, segundo a súa opinión.

Constitución 1998 vs Constitución 2008

En base ás demandas históricas do movemento indíxena e que finalmente se plasmaron na Constitución 2008, é importante destacar que a nova Constitución recoñece construír unha nova forma de convivencia cidadá, en diversidade e harmonía coa natureza, para alcanzar o “bo vivir”, o “*sumak kawsay*”. Este concepto trata de relacionar a persoa coa natureza, a historia, a sociedade, a democracia e propón pechar as fisuras abertas polo concepto neoliberal do desenvolvemento e do crecemento económico.

Aparte disto, a nova Constitución recoñece o Ecuador como un Estado constitucional de dereitos e xustiza, social, democrático, soberano, independente, unitario, intercultural, plurinacional e laico. E o idioma oficial do Ecuador será o castelán; o *kichwa* e o *shuar* son idiomas oficiais de relación intercultural, constituíndo isto grandes avances para os pobos indíxenas da República do Ecuador.

Os eixos principais e máis polémicos da reforma son os seguintes:

- **Familia:** Na nova Constitución recoñécense diversos tipos de familia, recoñecéndose así un feito social, na medida en que na práctica é innegábel a existencia de diversos tipos de familia. Mentres que na Constitución de 1998 o Estado apenas recoñecía a familia tradicional.

- **Matrimonio:** O Artigo 37 na Constitución de 1998, sinala que: “*o matrimonio fundarase no libre consentimento dos contraentes e na igualdade de dereitos, obrigacións e capacidade legal dos cónxuxes*”. Mentres que na nova Constitución o Artigo 67 recolle: “*O matrimonio é a unión entre home e muller, fundarase no libre consentimento das persoas contraentes e na igualdade dos seus dereitos e oportunidades dos seus integrantes*”. Por súa vez, un novo cambio consiste en que na Constitución do 2008 as unións de feito entre persoas do mesmo sexo son recoñecidas ante a lei e poden acceder aos mesmos dereitos que os matrimonios, con excepción da adopción.

(15) O Proxecto Multimodal Manta-Manaos é o proxecto de infraestrutura de maior escala dos últimos anos no Ecuador. Trátase dun ambicioso proxecto de interconexión viaria entre o Brasil e o Ecuador que intenta unir a cidade portuaria de Manta, na costa de Ecuador, coa de Manaus, no centro da Amazonía de Brasil, mediante a construción de estradas, aeroportos, portos e vías fluviais na conca amazónica.

(16) A construción estará baixo a coordinación das empresas estatais PDVSA (Venezuela) e Petroecuador (Ecuador), coa posibilidade de integrar máis empresas públicas petrolíferas de América do Sur.

• **Dereito á Vida:** Tanto o Artigo 23 da Constitución de 1998 como o Artigo 66 da nova Constitución asumen o dereito á inviolabilidade da vida, negando a posibilidade da despenalización do aborto.

• **Dereitos Sexuais e Reprodutivos:** Ambas Constitucións recoñecen que ninguén poderá ser discriminado por razóns de orientación sexual. Mentres que o Artigo 39 da antiga Constitución e o Artigo 66 da actual Carta Magna expresan o dereito a tomar decisións libres, responsábeis e informadas sobre a súa saúde e vida reprodutiva e a decidir cando e cantas fillas/os. Pero neste caso non é válida a interpretación de que é unha porta aberta para o aborto.

• **Saúde:** A Constitución de 1998 non garante un acceso universal e gratuíto á atención médica, senón aos “programas e accións de saúde pública” (por exemplo, vacinas). Por súa vez, a Constitución anterior lexitima o “achegamento” dos usuarios, mentres que a nova establece claramente a obrigaición do Estado de prestar un servizo e atención médica gratuíto e de acceso universal.

• **Non Criminalización por Consumo de Drogas:** A anterior Constitución non establece artigo ningún ao respecto. A nova declara a non criminalización do acto de consumir drogas ilegais. Con todo, se algunha persoa comete un delito baixo efectos dalgunha droga, iso non é atenuante para o seu castigo polo delito cometido.

• **Educación:** A nova Constitución establece a gratuidade até o nivel universitario, mentres a de 1998 abría as portas á “achega” das persoas naturais (nais e pais de familia), o que limitaba a gratuidade. Ambas recoñecen a educación privada e tamén se mantén o dereito a escoller o tipo de educación para os fillos/as.

• **Economía, Mercado e Iniciativa Privada:** Proponse o cambio dunha “economía social de mercado” a unha “economía social e solidaria”. Tamén se muda o concepto de “ben común” polo de “bo vivir”. Respecto da empresa privada recoñécese en ambas as Constitucións como unha forma de propiedade ou de organización para a produción; por súa vez, a estabilidade económica é un obxectivo das dúas Constitucións.

Tanto a anterior Constitución como a do 2008 recoñecen o mercado, pero esta última pon límites ao rexeitar o monopolio ou requirir transparencia e esixencia.

Nesta última Constitución tamén se pon énfase no fomento de exportacións desde os sectores pobres e medios da economías, mentres na anterior non existía ningún artigo respecto diso, incluíndose nesta, ademais, as “compras públicas” como mecanismo para incentivar a produción local. Finalmente, cabe sinalar que ambas as Constitucións dan tratamento igualitario ao investimento nacional e estranxeiro.

• **Estado de Dereito:** A nova Constitución incorpora o concepto de Estado Constitucional de “dereitos”, o que obriga o Estado a ser garante dos dereitos humanos.

• **Bases Militares:** A nova Constitución nega categoricamente a presenza de bases militares estranxeiras, mentres que a anterior non incorporaba artigo ningún respecto diso.

- **Reelección:** Na nova Constitución restrínxese a reelección a unha soa vez e inclúense o presidente e vicepresidente nesta consideración. Na Constitución de 1998 podían ser reelixidos indefinidamente.

- **Convocatoria de Consulta Popular:** A Constitución de 1998 negaba a consulta popular para a reforma constitucional, mentres que a nova si o permite.

- **Revogatorio do Mandato:** A nova Constitución permite o revogatorio tamén do presidente e vicepresidente, mentres que a anterior tan só de alcaldes, prefectos e deputados. Por súa vez, na Constitución de 2008 é menor a porcentaxe de electores necesarios para se solicitar o referendo revogatorio do mandato.

- **Auga:** A Constitución de 1998 ao establecer que “o seu uso e aproveitamento” sexa de “quen obteña estes dereitos” abre as portas á privatización, mentres que na nova Constitución establécese que a auga constitúe patrimonio nacional estratéxico de uso público, impedindo desta forma a súa privatización.

- **Frecuencias Electromagnéticas:** Na Constitución de 1998 tamén se situaba no capítulo de recursos naturais; na nova Constitución mantense como ben público e recoñécese a concesión ao sector privado.

As diferenzas entre estas Constitucións son importantes, como importante foi o apoio popular dado a unha mudanza no país, expresado coa aprobación da nova Constitución. E é por medio desta que a cidadanía espera que Ecuador logre avanzar cara a estabilidade en todos os sentidos.

Futuro próximo do goberno de Correa

Son moitos os retos que aínda esperan a Rafael Correa como xefe de Estado ecuatoriano, xa que terá que facer fronte a un dos territorios máis ricos en recursos naturais de América Latina, pero que sofre unha situación de endebedamento altamente custoso e cun sistema económico e político falto de estabilidade.

Primeiramente debe ser consecuente cos postulados propagados ao longo de todo este tempo, pois é esperado del e do seu goberno o seu cumprimento, e que este abra paso á posibilidade de mudanza e de rexeitamento a quen estiveron no poder durante o último período democrático.

O maior reto que fica agora pendente no país é o inicio do arduo labor de implementar a nova Constitución, co obxectivo final de que sexa reflectida nun cadro normativo e que se poña na práctica para converterse nun feito real.

No actual panorama, é clave engadir que o futuro do goberno de Rafael Correa, unha vez aprobado o texto constitucional de 2008, é que deberá enfrontarse a unhas novas eleccións xerais, que se celebrarán entre xaneiro e marzo de 2009. Durante este proceso electoral celebraranse conxuntamente as eleccións de presidente e vicepresidente, cinco representantes ao Parlamento Andino, os integrantes da Asemblea Nacional, prefectos e viceprefectos provinciais, alcaldes municipais, así como, cinco e un máximo de quince concelleiros/as en cada cantón.

En base á aprobación do pobo no Referendo da Constitución Política da República e a efecto de posibilitar os cambios institucionais previstos nela, implementárase até as próximas eleccións un Réxime de Transición.

Durante este Réxime de Transición declárase concluído o período dos deputados e deputadas, principais e suplentes, elixidos o pasado 15 de outubro de 2006. E a Asemblea Constituínte reunírase cinco días despois do referendo aprobatorio para conformar a Comisión Lexislativa e de Fiscalización, que cumprirá as funcións da Asemblea Nacional previstas na Constitución, até que se elixan e tomen posesión os Asembleístas, conforme o establecido neste Réxime de Transición.

Co fin de posibilitar a inmediata realización do proceso electoral disposto neste Réxime de Transición, a Asemblea Constituínte designará quen transitoriamente conformarán o Consello Nacional Electoral e o Tribunal Contencioso Electoral. Os funcionarios e empregados do Tribunal Supremo Electoral e dos tribunais provinciais electorais que non son de libre nomeamento e remoción, continuarán desempeñando as súas funcións, suxeitaranse a un proceso de selección e cualificación acorde ás necesidades dos novos organismos.

Aos dez días de aprobada a Constitución rematarán os períodos das 31 maxistradas e maxistrados da Corte Suprema de Xustiza. O Consello Nacional Electoral organizará un sorteo para estes/as e de aí escollerá as 21 xuízas e xuíces a quen se lles encargan as funcións e responsabilidades da Corte Nacional de Xustiza, até que se designen os titulares segundo os procedementos establecidos na Constitución.

Neste Réxime de Transición tamén se mantén que unha vez organizado o Consello da Xudicatura, nun prazo de 180 días, este organismo conformará a Corte Nacional de Xustiza e tamén procederá a organizar as Cortes Provinciais de Xustiza e os Tribunais Distritais e Penais, designando os seus integrantes.

Unha vez constituídas as novas funcións Lexislativa, Executiva e de Transparencia e Control Social, organizarase a comisión cualificadora, que designará as maxistradas e maxistrados que integrarán a primeira Corte Constitucional⁽¹⁷⁾.

A través deste proxecto, o presidente poderá ser reelixido, sen contar as anteriores eleccións do ano 2006, abríndose a posibilidade así de que se presente ás eleccións a principios do ano 2009 e optando pola reelección no ano 2012. O presidente poderá, ademais, disolver o Lexislativo por unha soa vez nos primeiros tres anos do mandato e convocar a eleccións lexislativas e presidenciais.

Após estas actuacións, Rafael Correa, aínda contando cun grande apoio popular no momento actual, está creando interrogantes e incertezas entre certos sectores, que basean o cerne da crítica no temor a un hiper-presidencialismo. Neste sentido, agora Correa debe demostrar que o proxecto aprobado en Montecristi non permitirá a concentración de poderes no Executivo, toda vez que este foi un dos maiores temores dalgúns analistas políticos sobre esta nova Constitución. Tamén se critica o aumento do gasto público, que implicará pór en andamento as novas institucións e

(17) Constitución do Ecuador 2008.

dereitos plasmados na carta magna de Montecristi. E para rematar, o estilo populista e a excesiva atención á figura de Correa xerou tamén o afastamento dalgúns sectores que inicialmente o apoiaban incondicionalmente como o movemento indíxena e algúns grupos de esquerda, quen esclareceron que o seu voto polo SI era un voto de apoio á Constitución e non a Correa, e que planeaban manter unha postura crítica fronte a este goberno.

Esther Castro Cidre é licenciada en Ciencias Políticas e Socioloxía pola Universidade de Granada e experta universitaria en Planificación e Xestión de Proxectos de Cooperación para o Desenvolvemento nos ámbitos da Educación, a Ciencia e a Cultura, con experiencia profesional en Bosnia, a India e o Ecuador, neste último país a través do Fondo de Desenvolvemento de Nacións Unidas para a Muller-Rexión Andina (UNIFEM-RA).

Bibliografía

- ACOSTA, Alberto e FALCONÍ, Fander: *TLC más que un tratado de libre comercio*, ILDIS-FLACSO 200.
- BURBANO, Felipe: *La caída de Gutiérrez y la rebelión de abril*, Iconos 23, páxinas 19-36.
- Constitución de la República del Ecuador 1998.
- Constitución de la República del Ecuador 2008.
- Decreto Modificatorio al Estatuto de la Consulta Popular para la Asamblea Constituyente.
- ESTUPIÑAN, Patricia: *Álvaro Noboa, El zar del banano con sueños de presidente*, en REYES, Gerardo: *Los dueños de América Latina*, Ediciones B (2003), Bogotá.
- PONCE, Javier: *Últimos acontecimientos en el Ecuador*, Comité Ecuménico de Proyectos, Quito, 26 de abril de 2005.

Artigos de xornais e revistas

ACOSTA, Alberto:

- *¿Es Correa populista?*, Diario Hoy, 7 de outubro de 2006.
- *¿Patria soberana o banana republic?*, La Insignia, 18 de outubro de 2006.
- *Álvaro Noboa o Rafael Correa, el dilema de los Gutiérrez*, Diario Hoy, 26 de outubro de 2006.
- *Correa anuncia cambios en diplomacia*, Diario Hoy, 3 de decembro de 2007.
- *Los exit poll desatan festejo de Alianza País*, Diario Hoy, 27 de novembro de 2006
- *Noboa, ni prójimo de Yunus*, Diario Hoy, 8 de novembro de 2006.
- *Rafael Correa liquida al FMI*, Diario Hoy, 17 de abril de 2007.
- *Rafael Correa se llama un “Chicago Boy”*, Diario Hoy, 19 de marzo de 2007.
- *Semana decisiva*, Diario Hoy, 23 de setembro de 2008.
- *Yendo rápido se puede cometer errores*, Diario Hoy, 10 de xuño de 2007.

BACON, David: *Bananas con sangre*, La Insignia, 27 de outubro de 2006.

BAEZ, René:

- *Ecuador. Triunfo de Correa: Round para el bolivarianismo*, Agencia Latinoamericana de Información (ALAI), 13 de novembro de 2006.
- *El último tango de Alfredo Palacio*, ALAI, 3 de agosto de 2006.
- *Palacio: Refundación al revés*, ALAI, 17 de agosto de 2005.
- *TLC y autonomías: golpes de gracia al Estado-nación*, ALAI, 15 de marzo de 2006.

BURBANO DE LARA, Felipe: *Izquierda y derecha*, Diario Hoy 23 de setembro 2008.

BUSTAMANTE, José Manuel: *Un izquierdista con dos caras*, Diario El Mundo, 16 de xaneiro de 2007.

CARPIO BENALCÁZAR, Patricio:

- *Rafael Correa proclama comienzo de una América digna, altiva y socialista del siglo XXI*, La Jornada, 16 de xaneiro de 2007.
- *Una democracia inconclusa y agotada*, La Insignia, 23 de outubro de 2006.

EGO DUCROT, Víctor: *EEUU hará de todo para imponer al candidato de derechas Álvaro Noboa*, Rebelión/APM, 18 de outubro de 2006.

FIERRO CARRIÓN, Luís: *Los Grupos financieros en el Ecuador*, CEDEP, 1992.

GÓMEZ BARATA, Jorge: *Ecuador: La oligarquía se remite*, Altercom, 2 de decembro de 2006.

LARREA, Marcelo: *La Base de Manta: Un Enclave de los EEUU en Ecuador*, Adital, 2 de agosto de 2002.

LUCAS, Kintto:

- *Ecuador: Endémica crisis institucional*, Agencia de Noticias Inter Press Service (IPS), 12 de marzo de 2007.
- *Ecuador, una encrucijada histórica: ¿Cómo hará Rafael para llegar a los pobres?*, Quincenario Tintají, número 100, 22 de outubro de 2006.
- *Ecuador-Colombia: Soluciones lejanas*, IPS, 18 de abril de 2008.
- *Ecuador: Correa, lo que derroca fortalece*, IPS, 30 de abril de 2007.
- *Hay que apoyar a Rafael Correa*, Editorial de Tintají, número 68, segunda quincena de maio de 2005.

NÚÑEZ VERGARA, Nelson: *¿Qué viene con el Gobierno de izquierda en Ecuador?*, Adital, Quito, 30 de novembro de 2006.

PACHANO, Simón:

- *Ecuador: sorpresas y perspectivas*, Analistas Real Instituto El Cano (ARI), 12 de xaneiro de 2007.
- *El proceso electoral ecuatoriano*, ARI, 19 de setembro de 2006.

PAREDES, Willington: *Repensando el Ecuador*, Diario Expreso, 5 de novembro de 2006.

QUINTERO LÓPEZ, Rafael: *Ecuador: El significado de la Asamblea Nacional Constituyente de 2007*, Altercom, 28 de febreiro de 2007.

QUITO, Julián: *Ecuador: Hacia un nuevo rumbo histórico*, Altercom, 16 de decembro de 2006.

RAMÍREZ GALLEGOS, Franklin: *En lo que el poder se rompa: El peso del 28*, Le Monde Diplomatique.

TAMAYO, Eduardo:

- *Ecuador, Petróleo y megaproyectos en la agenda del nuevo gobierno*, Agencia Latinoamericana de Información (ALAI), 27 de novembro de 2006.
- *Ecuador. Elecciones Ecuador 2006: Dos proyectos en disputa*, ALAI, 16 de outubro de 2006.
- *El Grupo Noboa está en litigio con el Estado por los impuestos*, Diario El Comercio, 31 de outubro de 2006.
- *Promueven Acuerdo Nacional para frenar proyecto oligárquico*, ALAI, 9 de novembro de 2006.

Páxinas de Internet

Alianza País: <http://www.alianzapais.com.ec/>.

Álvaro Noboa: <http://www.alvaronoboa.com/>.

Confederación de Nacionalidades Indíxenas do Ecuador (CONAIE):

<http://www.conaie.org/>.

Confederación Nacional de Organizacións Campesiñas, Indíxenas e Negras

(FENOCIN): <http://www.fenocin.org/>.

Ecuador Kichwa Llaktakunapak Jatun Tantanakui (ECUARUNARI, Confederación de los Pueblos de Nacionalidad Kichua del Ecuador):

<http://www.ecuarunari.org/>.

Federación Nacional de Traballadores Agroindustriais, Campesiños e Indíxenas libres do Ecuador (FENACLE): <http://www.fenacle.org.ec/>.

Fundación Pobo Indio do Ecuador: <http://www.fundacionpuebloindio.org/>.

Movemento de Unidade Plurinacional Pachakutik-Novo País (MUPP-NP):

<http://www.pachakutik.org.ec/>.

Rafael Correa: <http://www.rafaelcorrea.com/>.

Sistema de Investigación sobre a Problemática Agraria do Ecuador (SIPAE):

<http://www.sipae.com/>.

Tribunal Supremo Electoral: <http://www.tse.gov.ec/>.